



***ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO
ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR***

CIRCULAR INFORMATIVA

Segundo o establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88), modificado polo Decreto 374/1996, do 26 de xullo e pola Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos;

Lémbrese que o vindeiro **24 de novembro de 2021** en horario de 16:00 a 19:30 horas, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes das nais/pais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar deste Centro.

Para participar na referida votación procederase da seguinte forma:

1. Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todas as nais/pais ou titores legais dos alumnos/as matriculados no Centro e que figuran no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral despois da súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2. Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes das candidatas, por orde alfabético de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz como máximo **un nome** das candidatas relacionadas, debendo acreditar a súa identidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

Candidatas que se presentan:

- Dna. Blanco Iglesias, Victoria E.
- Dna. Sierra Silveiro, Ana Cristina.

A dirección do CEIP O Cantel anima a todas as nais, pais e titores legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro 24 de novembro de 2021, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, coa fin de conseguir a máxima representatividade posible de nais e pais do alumnado no Consello Escolar do mesmo.

Foz, 19 de novembro de 2021

A directora do CEIP O Cantel

Asdo. Adela Seijo Cao